

Querida María da Esquerda:

Hai xa case un ano que non és a mesma...

Xa non che preocupa que privaticen a sanidade pública, e que continúen facéndoo en tempos de pandemia. Dache igual que sexan os mesmos que fan isto os que nos mandan confinar moitas veces sen sentido. Ti acatas sen chistar, e mesmo te permites insultar a quen toma a decisión de respirar un pouco.

Comprendo que neste contexto desolador teñas medo pola túa aboa, polos teus pais, por ti. Pero has de saber que eu non creo que todas estas medidas sexan só pola nosa saúde.

Permítete culpar aos que cuestionamos o máis mínimo as restriccións marciais deses políticos nos que tanto confías. Dis que este pesadelo non dá pasado porque a xente non cumpre o novo protocolo burocrático da semana. Mentres, aceptas calquera lei restrictiva e non queres ver quen fixeron e fan posible todo este colapso sanitario. Calas e aceptas, para non *admitir que eses aos que votaches tamén son responsables do desmantelamento da sanidade pública*, de non contratar persoal sanitario, de non paralizar os desahucios, da pobreza enerxética...

Queren distraernos, queren separarnos. Para que non percibamos que antes de todo isto, este modo de vida xa non se sostiña para a grande maioría. Xa non tiñamos para pagar a gasolina nin a hipoteca. E todos eses políticos valentes que din que van salvar a situación, non fan máis que enmerdar para que o seu lobby colla vantaxe.

De verdade que non comprendo por qué de súpeto me miras con odio... Eu non teño a culpa de todo isto. Todxs somos capaces de comprender e responsabilizarnos. Uns e outros só queren que miremos para outro lado, e inda por riba ternos coas mans atadas. Dividirnos e enfrontarnos. E o están conseguindo.

Xa non podo máis, pídocho por favor: volve ser ti mesma, **dame un respiro.**

NON DEIXES QUE CHE MANIPULEN E POLARICEN

**Contra a pandemia, a represión e a crise:
ORGANIZACIÓN POPULAR E APOIO MUTUO.**

NIN RECORTES NIN ESTADO DE EXCEPCIÓN: **REFORZO DA SANIDADE XA!**

saudemutua.noblogs.org

Querido Pepe Antiplandemia:

Hai xa case un ano que non és o mesmo...

Falas todo o tempo de que os hospitais se saturaban todos os invernos pero non te preguntas por qué, non queres ver que saquearon a sanidade pública en beneficio da privada. E seguen facéndoo.

Pese ao confuso da situación ti tes moi claro que non hai un novo virus, ou se o hai, que non é ningún perigo para a saúde. E mírasnos con soberbia aos “borregos” que tentamos ter certo coidado. Creo que estás vendo só un lado, o *da túa liberdade individual*. E pese a isto, vas da man dos que historicamente foron o oposto da liberdade, os da banderita de España. E dun colectivo de funcionarios armados que se din pola liberdade, pero traballan obedecendo ordes do estado.

Comprendo que neste contexto desolador teñas falta de loitar polos teus dereitos, e facer parte de algo, pero creo que non estás tendo unha perspectiva ampla. Véxoches pasar horas engulindo información dunhas fontes que están propagando unha especie de ideoloxía delirante. E dame medo a onde nos pode levar isto.

Dis que o problema é a partitocracia, pero non semella que che chegue información doutras formas de democracia directa, que existen. Explícalo todo pola corrupción de individuos que, segundo ti, son a encarnación mesma do mal. Non queres ver que independentemente de quen manexe os fíos, o sistema no que vivimos nunca beneficiou ás maiorías. E moito menos agora, no seu declive.

Queren confundirnos, queren separarnos. Para que non percibamos que antes de todo isto, este modo de vida xa non se sostiña para a grande maioría. Xa non tiñamos para pagar a gasolina nin a hipoteca. E todos eses políticos valentes que din que van salvar a situación, non fan máis que enmerdar para que o seu lobby colla vantaxe.

De verdade que non comprendo por qué de súpeto me miras con soberbia... Eu non teño a culpa de todo isto. Todxs somos capaces de comprender e responsabilizarnos. Uns e outros só queren que miremos para outro lado, e inda por riba ternos coas mans atadas. Dividirnos e enfrontarnos. E o están conseguindo.

Xa non podo máis, pídocho por favor: volve ser ti mesmo, **dame unha man.**

NON DEIXES QUE CHE MANIPULEN E POLARICEN

Contra a pandemia, a represión e a crise:

ORGANIZACIÓN POPULAR E APOIO MUTUO.

NIN RECORTES NIN ESTADO DE EXCEPCIÓN: **REFORZO DA SANIDADE XA!**

saudemutua.noblogs.org